

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 24

OUTONO

2007



MITIN DE "SOLIDARIDAD GALLEGA" NA PRAZA DO CAMPO DE BETANZOS, 6 DE OUTUBRO DE 1907.

## COLABORACIÓNS

Paulo Martínez Lema, Rosa Enríquez, Gabriela Rodríguez, Geni, Marta Dacosta, Maxi Rei, Lia Santiso, Víctor Tizón, Cristino Cortes, António dos Santos Silva, João de Castro Nunes, Cândido da Velha, Xosé M<sup>a</sup> Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Antón Fafián Porto, Manuel Dans, Xesús Torres Regueiro, Moncho do Orzán, Xosé Lois Sobrino e Baraxeiro.

## TEXTOS

Annette Meakin, Manuel Lugrís Freire

## DESEÑOS

Víctor Tizón, Sabela Arias, Luis Otero, Cebreiro, F. Cortés e Museo do Humor de Fene

## FOTOGRAFÍAS

Veiga, Annette Meakin, Antón Fafián, Arquivo Municipal de Betanzos e Arquivo Eira Vella

## COORDENA

Suso Torres

## MAQUETA

Equipo Xerri

## IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

## D.L.

C - 1696 /96

**Agradecementos:**

A todos os **anunciantes** (locais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de A Xanela, pola súa fidelidade e colaboración.

**Parabéns:**

A **Miro Villar**, colaborador de A Xanela e de Eira Vella polo premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez" que ven de conquistar na súa 5ª edición coa obra *O nariz de Fiz*.

A **Sabela Arias**, a nosa colaboradora gráfica, que está a expoñer a súa obra en Portugal, na galería Sargadelos de Porto.




**Intercambios:**

A Xanela intercámbiase con outras publicacións culturais de calquer ámbito. Para solicitar intercambio, dirixirse ao noso enderezo:

A.C. Eira Vella  
Praza do Mestre José Dapena  
Antigas Escolas do Asilo, Baixo.  
15300. Betanzos

**Curuxas 2007**

Durante o mes de agosto expúxeronse na sala de mostras do Liceo os traballos premiados na edición 2007 da Curuxa Gráfica xunto cunha ampla representación dos traballos presentados. Agradecemos ao **Museo do Humor de Fene**, organizador deste importante certame internacional, e ao seu director **Xaquín Marín** a súa colaboración desinteresada coa nosa asociación Eira Vella para traer a Betanzos esta mostra.



DE ARRIBA ABAIXO.- 1º PREMIO: PINTO&CHINTO (GALIZA)  
FINALISTAS CURUXA GRÁFICA: HARCA (ESPAÑA) E  
JOSÉ CARLOS SARDIÑA (GALIZA)

1

de novo a brisa

algo de ti e de camiño oculto  
e de nube subterránea

cando, fermosa, cando recuperarrei en ti o esplendor das turbeiras a alegría dos estanques repletos de  
salmóns a palabra intuída coma un comezo?

esa luz

esa luz imposíbel

2

aparecías ou emerxías baixo o sol e o azul doloroso  
surxías, fermosa, digo, nacías branca e interminábel coma o gozo  
por entre a xente e o coiro e as voces da rúa nova  
    aló en saint-jacques de le galice  
    trinta e un de maio

3

xamais me olvides, Ollos de Turba

non me deixes aquí  
esquecido e sombrío a estoutro lado dos bosques  
transparente como paxaro sen fígados  
casa desfeita polo azoute de quiñentas invernías

porque só ti fas posíbeis as illas nas que creo

xamais me esquezas, Ollos de Turba

**Paulo Martínez Lema**

## Delimitada

Na terra,  
no fondo dela,  
existe unha razón  
para a protesta.  
Como se o silencio nos matase  
no medio das raíces,  
como se nada fose posíbel,  
nada que non sexa este sitio  
onde esgazamos as mans,  
onde o espacio nos delimita,  
nos dá forma  
e tira ...

Por tirar,  
eu tirei dun manto branco  
contra a area azul do mar.  
Sentín co vento as feridas da terra,  
a súa nostalxia, as cunchas.

Batín na area profunda  
nas capas de dentro,  
afundín da punta ao cabo,  
enfiada na nasa,  
coma un peixe seco.

E tirei,  
tirei como contratada,  
como se algo fose posíbel.

Déronme forma.

Puxéronme cordas.

**Rosa Enríquez**

ILUSTRACIÓN:  
MAGRITTE. "A invención colectiva", 1934.

## Un vello estudio

O diván está baleiro,  
e a pintura agarda en formol.

A persiana americana  
xa non ten nada que ocultar  
ante a ausencia dela.

Mentres o pó  
se fai dono  
de todo o que nos rodeou  
nalgún momento.

E os vellos cadros,  
testemuñas impasibles,  
agardan turno  
para dar conta  
do que foi a nosa historia.

**Xosé Luis Sobrino**



## Elemental

Choveu e molleime toda,  
algo de min escorregou cara ó chan  
e se perdeu nos sumidoiros daquela rúa  
e tiven que aprender a non botalo en falta,  
a saber estar núa.


Veú o nordés e secoume,  
atavesoume de parte a parte  
e a pel quedou fría coma o alabastro,  
dunha cor violácea nas súas veas,  
da chuvia non deixou rastro.

Chegou San Xoan e queimeí todo,  
xa fixera escolma ó limpar a casa,  
tirei moitas... moitas cousas  
que se foron co fume  
e notei o peso de menos lousas.

Convidoume a terra e pousei os pés  
sen zapatos nin calcetíns,  
espídos notaron e humidade,  
as dedas estiraron buscando algo  
e aprenderon o que era a liberdade.

E de súpeto era ELEMENTAL...

**Gabriela Rodríguez**



## Lixo

Lixo,  
como aquel que dixo,  
síntome merdiña  
sen ti,  
miña neniña,  
que sempre es doutro.  
Arcanxo dos arroutos!  
estou emporcallado,  
e ti tan limpiña.  
Son só,  
lixo.

**Geni**

ILUSTRACIÓN:  
MAGRITTE. "O modelo vermello", 1937 (fragmento)

## Acuática alma

Medran as membranas interdixitais  
das miñas mans palmípedas,  
as miñas pernas únense,  
seguindo o movemento que o corpo gardou  
na memoria do caos.

Non fondo da gorxa  
o osíxeno aboia na boca fechada,  
pequenas burbullas de osíxeno  
que aínda alimentan os cabelos de argazo,  
himantalias finísimas coma serpes  
na beleza de Medusa.

O meu corpo desprázase horizontalmente,  
coa ondulación herdada na orixe do mar,  
por entre este outono líquido,  
observando o regreso do caos,  
a verticalidade da auga sobre a noite  
para desfacer todo o que construímos,  
para desfacernos, destrúeme

destrúome  
destrúote.


Alóíome  
acuática alma.

Son altura e refuxio, son alento ancestral  
para a atmosfera líquida  
que hoxe nos envolve.  
Precipítome ao val,  
lanzo este corpo de chuvia sobre o río furioso  
para anegar muíños e pontes,  
recuperar a terra nunca construída,  
para desfacernos, destrúeme

destrúome  
destrúote.

Alóíome  
acuática alma.

Corpo de río para buscar o mar,  
alma de chuvia para medrar con forza,  
con rabia ancestral e azul  
deste mundo que xira e xira e xira  
translación infinitamente eterna  
translación infinita da auga.



SABELA ARIAS

Médranme as membranas interdixitais,  
desaparece a cadeira dolorida  
e a columna alóngase e lembra  
o movemento orixinal do mundo.

Cabelo himantalia elongata ou correa  
porque a chuvia é río, é mar,  
é sal, é vida  
azul en movemento.

Vida que me destrúe e destrúe  
destrúeme

destrúome  
destrúote.

Alóíome  
acuática alma.

Vida que nos dá vida, que atrapa a vida  
para a nosa alma de mar e area,  
musgo e pedra, terra e fento,  
cágado e ova,  
lama e seixo

destrúeme  
destrúome  
destrúote.

Alóíome  
acuática alma.

**Marta Dacosta**



## *en Vizoño atopouse unha necrópole ó estudar as obras do oleoducto A Coruña-Vigo...*

porque antes de tódolos tempos  
os homes e mulleres que vivían na mesma terra que agora pisamos,  
o mesmo aires co que eles encheron o peito  
enchendo os ollos coa mesma paisaxe

deles quedounos os seus cemiterios, onde choraban ós seus mortos,  
que a terra ácida comeu  
dos tempos dos que xa non quedan palabras, quedan as pedras como restos de fe  
da fe que eles tiñan en si mesmos  
no porvir  
no ceo  
nalgún lugar de memorias absolutas, onde nada se perdera  
e gracias ó seu soño, a nosa vida é posible.

Aquí estamos  
antigos devanceiros, vosoutros comenzastes esta historia.  
E nosoutros recollemos aceso o facho da ilusión  
Cada mencer  
Cada lúa  
Nos mesmos camiños do horizonte que vosoutros trazastes  
Para o futuro  
Para nosoutros

Para sempre

En cada verso que o tempo imprime nas nosas fronteiras

**Maxi Rei**

## **A parella feliz**

Esta noite cubrireme co vestido vermello,  
preciso que o espello encomie  
os contornos do meu corpo.  
Envolvereime nunha nube de perfume  
e terras artificias agocharán  
os trazos de tristura do meu rostro.  
Ensaiaerei o sorriso que mellor me senta  
e non pararei ata que o meu cabelo brille  
tanto como o aceiro dos teus ollos.  
Poñerei tacóns para lograr estar a túa altura.  
Esta noite  
non serei máis que unha rapaza bonita,  
para que todos vexan en nós  
unha parella perfecta.

**Lia Santiso**



# ATRAPADOS

OU MÁIS BEN, ATRAPALLADOS.



TEDES QUE SABER QUE TANTO COCHE ESTA A MUDAR O CLIMA POÑENDO EN PERIGO A VIDA DO PLANETA, POLO QUE HAI QUE REDUCIR DRÁSTICAMENTE O SEU USO



## Quando...

Quando eu morrer, amor, passa em meu rosto,  
As tuas doces mãos, como uma aragem...  
E o que restar de mim será paisagem  
De lonjuras e brumas ao sol-posto.

Que da nossa afeição fique a imagem  
De taça partilhada, fel e mosto,  
E a tua memória guarde o gosto  
Das mãos dadas ao longo da viagem.

E não te aflijas do local incerto  
Onde vou estar. Mas crê que sempre perto  
De ti hei-de pairar como uma sombra.

E se a tua saudade me chamar,  
Iremos, com teus olhos, lembrar  
O céu, o mar..., e quanto nos assombra!

**António dos Santos Silva**

Figueira da Foz / 2007

## Acto de contrição (II)

Como poderei explicar a alguém não saber como acaba  
Aquela imensa propriedade onde, dizem, parece,  
Eu próprio vi cabras e ovelhas; como é que alguém esquece  
Coordenadas que para sempre a alma nos fazem rica?!

Não gosto de dar o flanco e talvez seja bem melhor  
Uma história com tal ignorância a sair disfarçada;  
O meu capitão aprovaria tal estratégia, dada  
Não será nossa posição, a prudência é um valor.

Mas não pode ser nem hoje nem agora, já que amanhã  
Vou embora e esta tentativa terei de a adiar;  
Tenho assim tempo para as coisas desta música afinar  
E no que é meu ver nascer o sol, oh coisa louçã!

É justo esse castigo, deixo a formatura, bato a pala  
Oh meu capitão, nisto, prometo, nisto ninguém mais fala.

**Cristino Cortes**

# Jardim Constantino

I

Pelas naves arbóreas do jardim  
iluminado por um sol oblíquo  
a diagonal essência da sombra  
desprende-se a esbater relevos brandos  
por onde o Tempo enruga a sua idade.

Aquí lapida a infância a sua voz.  
Transfigura-se a estátua do deus grego  
a incendiar o Sonho em suas mãos.

Na penumbra onde o dia se dissolve  
que sentimento vegetal nos prende  
a desfolhar melancolias verdes?

II

Evapora-se o hálito da infância  
no lúdico recinto ora deserto:  
Sedimentos sonoros de uma ausência  
a transitar na aresta da memória.  
prismático silêncio onde perduram  
os transitórios timbres de cristal.

III

Da franja das ramagens desce a luz  
cobrindo o corpo diáfano das horas  
como se fora o véu do entardecer.

Jardim à dimensão desse momento  
a inaugurar um grão de eternidade  
que dure para além do anoitecer.

## Cândido da Velha

Lisboa  
Fevereiro de 2007



## Pardo de Cela

*Ao Dr. Joaquim de Montezuma de Carvalho  
que com a sua evocação de Pardo de Cela  
"ressuscitou" o sonho português da Galiza  
e vice-versa.*

Em Mondonhedo, pelos soberanos  
de Aragão e Castela condenado  
na praça pública, há quinhentos anos,  
Pardo de Cela foi decapitado.

Findou com ele o sonho de a Galiza  
reassumir a sua independência  
que desde então não mais se concretiza  
por obra dessa trágica ocorrência.

Diz-se, com certos foros de verdade,  
que ainda agora o bravo mariscal  
pelos pinhais se sente cavalgar...

Morto con inaudita crueldade,  
mantém-se como un símbolo real  
de um povo com direito a se afirmar!

**João de Castro Nunes**

# Santo Tomé de Salto

**Xosé María Veiga Ferreira  
Juan Sobrino Ceballos**

A parroquia de Salto está composta polas aldeas e rueiros de Castiñeiro, Ferrador, Igrexa, Loureiro, Mangoño, Tablas e Veiga.

O nome de Salto pode vir do latín *saltus* que significa “lugar cuberto de bosques ou prados”. Outra acepción sería a de referirse a un “paso entre montañas”, garganta ou desfiladeiro.

Os vestixios máis antigos que atopamos son tres mámoas ou enterramentos de época neolítica: dúas no lugar de Patarelo e unha no lugar do Pedrón.

As mámoas de Patarelo están practicamente xuntas e presentan unhas dimensións de 20 x 18 m e 18 x 16 m a outra. A maior está en bo estado de conservación, non apreciándose sequera o cono de violación –habitual en todas as mámoas–, aínda que quizais estea tapado polos traballos de plantación do monte. A segunda, algo máis pequena, presenta cono de violación e está algo máis arrasada.

No lugar do Pedrón había dúas mámoas de boas dimensións, pero debido a que se realizou unha explanada –no lugar que está hoxe a gasolinera– soamente se conserva parte dunha. A destrución tivo lugar no ano 2000, feito que foi denunciado no seu momento polo Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos.

Por Salto pasaba a vía romana que saía de Betanzos con dirección a Guitiriz, mencionada por Elisa Ferreira Priegue no seu estudio dos camiños medievais de Galicia. Esta vía iría por Bravío, Porzomillos, Vilar de Costoia, Lois e Parada, cruzando o río Mendo pola ponte de Santiago de Reboredo, Rodeiro e ponte de Vilarraso (Aranga).

As primeiras referencias documentais sobre o lugar aparecen vinculadas ao mosteiro de Cis, no arquivo de San Martín Pinario, e corresponden ao ano 911. Neste documento a condesa dona



Paterna acoutaba os termos do mosteiro, que comprendía as terras e freguesías de Santa María de Cuiña, Santo Tomé de Salto, San Xiao de Mandaio, Santa María de Cullergondo e San Estevo de Vivente:

*“...Coynna et filios ecclesie et regia auctoritate. Sanctum Thomam de Salto et filios ecclesie et regia auctoritate. Sanctum lustum de Mandayo...”*

No ano 989 outra carta de donación, esta vez ao mosteiro de Sobrado, outorgada por parte de dona Munia ao presbítero Viliulfo dunhas herdades en Bravío, Pontellas e Salto:

*“...meas uillas...pernominatas, ....Bauio, Pontelia...et Salto...”*

Existe máis documentación do mosteiro de Cis referida a Salto como o documento de 1186 en que o conde Don Gómez recoñece ao arcebispo de Santiago, Pedro III, haber agraviado ao mosteiro e xura protexelo, defendelo e cede varias herdades, entre elas promete ceder a vila de Salto dentro de dous anos ao mosteiro.

A parroquia de Salto na Idade Moderna estivo incluída dentro da xurisdición da cidade de Betanzos, polo que era de realengo. Cando se formaron os concellos no século XIX quedou integrada no de Oza. Cuiña, Cines, Porzomillos, Mondoí e Vivente que proviñan da xurisdición de Betanzos; Bandoxa, Parada e Reboredo da xurisdición de Parada e finalmente Lesa, Oza e Regueira do couto e xurisdición de Oza.

A igrexa de Santo Tomé, de nave única e tellado a dúas augas, conserva a fachada do orixinal templo románico, sendo un dos exemplos máis orixinais da comarca. Foi publicada xa por





Ángel del Castillo no 1909 no boletín da Real Academia Galega. Na fachada temos dous elementos espectaculares que son a portada e a xanela de enriba.

A xanela, de arquiños semicirculares con lóbulos e molduras sobre dúas columniñas acodilladas. A maioría dos autores que trataron este edificio foron da opinión de que orixinaríamente estaría na ábsida e que debido a unha reforma posterior colocárase onde está hoxe. A súa tipoloxía, as marcas na portada e unha lixeira desviación da xanela con respecto ao resto da portada así o fan ver.

A portada é de estilo compostelán con arquivoltas semicirculares sobre columnas acodilladas cunha cruz de baixo relevo esculpida no tímpano. Nas mochetas están esculpidas dúas caras marcando o espazo sagrado interior, do profano exterior.

As características, tanto da xanela como da portada, fannos encadrar a igrexa entre os anos finais do século XII e primeiros do s. XIII.

Ademais da igrexa parroquial, existía a ermida de San Vicente, onde dicían os veciños que pasaba o “antigo camiño francés”, que podía ser o traxecto da vía romana, xa mencionada, que ía de Betanzos a Guitiriz. Actualmente a ermida está en ruínas e soamente se conservan parte das paredes. Celebrábase aquí a romaría do santo o vintetrés de xaneiro, que a pesares de ser inverno era a festa tradicional da parroquia e íase alí a comer e a bailar. Hai corenta anos –máis ou menos– que deixou de facerse, pasando a celebrarse o Santísimo Sacramento no segundo fin de semana de agosto. Cando se cambiou a festa aínda se seguiu celebrando no campo da ermida ata que chegou

a parcelaria –hai trinta anos– que foi cando se empezou a facer no campo de fútbol.

A antiga romaría tiña algunha cousa curiosa como era a procesión, na que se saía co santo dende a igrexa de Santo Tomé pasando polo medio dunha casa particular –Os da Fraga– e de alí pasaba pola fonte do santo, que está ao pé do monte, e ía para a ermida. A fonte, que antigamente era só unha sinxela canaleta, ten agora un antiestético depósito cunha billa que, por certo, cando estivemos a visitala non tiña auga.

O campo da festa está no cumio do monte, un lugar moi atractivo que sería interesante recuperar para o disfrute dos veciños. Aínda nos parece escoitar alí as notas da gaita do lexendario Rilo, un dos mellores gaiteiros das Mariñas e de Galicia aló a finais do s. XIX e primeiros anos do XX. Fiel representante da cultura popular, gañador de numerosos concursos e home de bo humor. A súa figura foi resaltada por varios autores como Vales Vilamarín e Veiga Roel e, máis recentemente, por Xesús Torres no Anuario Brigantino de 1990. Gracias a eles o seu semblante de anchas patillas, os seus dedos grosos e xoguetóns, a súa indumentaria clásica de calzóns e monteira, fan do Rilo unha referencia dos gaiteiros tradicionais de Galicia. Está enterrado no cemiterio parroquial dende o seu pasamento en 1907.

(Para a localización das mámoas contamos coa colaboración de Alberto López do Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasantos.)



ARRIBA: XANELA DA FACHADA. ABAIXO: MAMOAS NO PATARELO. PÁXINA ANTERIOR: FACHADA DA IGREXA DE SALTO. FOTOS VEIGA

# De camiños e gabias

**Antón Fafián Porto**

Habitualmente teño por costume sair a correr dende onde resido no concello de Bergondo ata lugares máis ou menos próximos segundo ande un de folgos. Fluxo das estradas transitadas e procuro facelo por ramales ou camiños sen asfaltar, que cada vez son menos, respirando aire depurado polas árbores ata chegar á veiriña do mar; á praia do Pedrido onde correr pola area, sobre todo con marea baixa, enchendo os pulmóns de brisa mariña proporciona praceres difíciles de describir...

A escasa velocidade da carreira permite apreciar cousas que de ires en vehículo a motor pasan máis facilmente desapercibidas. A paisaxe cambiante: os veciños, os camiños, os valados, as árbores, os páxaros, algún esquío de cando en vez, algún raposo polo mañanciña... as casas, os seus peches... de pedra, de setos de buxo, loureiro ou mirtos, de tela metálica, de bloque... o fermoso e o "feismo" da nosa terra.

Mirando atrás, vemos os cambios destes camiños que comunicaban as casas coas leiras, cos montes ou con outras parroquias; antano de simple terra ou grava e dende fai unhos anos estendéndose coma unha lingua de asfalto, prolongación "natural" das estradas comarcais, nacionais ou autoestradas a modo de raíces cara aos territorios inaccesibles, aos montes, montañas... Dende logo non podemos desexar a volta ás correoiras que no inverno enchíanse de lama e enteraban á xente ao gando e os carros facéndoos intransitables, pero ¿hai necesidade de abrir tantos ramales a ningunha parte? ¿necesitamos tanto asfalto?

Lembro percorrer lugares de Bergondo, sendo un neno, e con meu pai como guía natural da bisbarra que o vira nacer, e contarme os traballos que pasaban nalgúns sitios para conseguir pasar coas vacas ou co carro cheo de estrume para as cortes porque "nacía a auga" e todo era lama ...ou ese lugar entre Mariñán e Miodelo onde os prados "bailaban" e podías enterrarte ata a cintura dada a proximidade da capa freática á superficie.

Hoxe, eses ramales están asfaltados e salvo choivas fortes non representan problemas para o seu uso. De ter pouco máis do ancho dun carro

pasaron a permitir o paso dun auto e motos son xa ramales de dobre sentido. É indiscutible que a anchura fai máis cómoda a conducción por estes sitios, pero xa non está tan claro que sexan máis seguros. Cando circulamos por un ramal estreito instintivamente procuramos circular máis a modo e nas curvas e lugares sen visibilidade procuramos reducir a velocidade para no caso de que veña algún vehículo de fronte poder "arrimar" a veira e non colisionar. Normalmente estas vías están dimensionados para o tráfico habitual que soportan, veciños cos seus coches, tractores, gando...

Cando se aproxima unha cita electoral por todos é coñecida a febre de concelleiros de obras e alcaldes por asfaltar camiños, faga falta ou non. Antes das últimas eleccións municipais anchearon nun tercio un camiño moi pouco transitado e que comunica varios montes, asfaltaron ata as gabias do camiño, literalmente, ¡ata as gabias!

O tema das gabias merece un capítulo aparte, segundo o diccionario unha gabia é entre outras cousas unha canle que se fai pola beira dos camiños e das estradas para que corra a auga. Se unha estrada ou camiño non está urbanizada ou con beirarúas a vexetación non tarda en medrar e cubrilos arredores podendo chegar a dificultar o tránsito. Nalgúns concellos é normal que periódicamente os empregados municipais limpen con maquinaria camiños e gabias como tarefas normais de mantemento de infraestruturas.







Moitas veces non serven máis que de depósito de lixo ou escombreira de algúns desaprensivos. Xa en varias ocasións teño pasado por camiños de terra entre montes e ver no medio dos pés das árbores que acababan de talar as latas de aceite mineral das motoserras e outros desperdicios dos operarios. ¿Realmente cóstanos tanto levalos refugallos para un contedor, xa non digamos facer recollida selectiva e depositar as devanditas latas nun punto limpo no contedor de envases perigosos: latas de aceites, pinturas, pesticidas, herbicidas...?

Logo da vaga de lumes do ano pasado as autoridades tentan obligar aos concellos a ter os arredores dos pobos libres de maleza e os ramales, estradas, autoestradas, vías do tren e o máis difícil, os montes.

Pero é curioso que no caso das gabias de camiños, estradas, vías férreas... e para evitar os lumes, algúns responsables non tiveron mellor idea que fumigalas con litros e litros de herbicida en lugar de desbrozar periódicamente de

xeito mecánico. ¿Cuestión de economía? Non sei, pero dende logo perigosa solución dado que as gabias son o camiño natural das augas cando chove cara aos ríos e levarán con elas a maior parte do herbicida residual que queda no chan, contaminando deste xeito os cursos de auga e con eles aos seus naturais habitantes: peixes, marisco, aves...

Se isto fose pouco, unha vez ten feito efecto o herbicida, a vexetación seca e morre co que queda convertida nunha fácil presa do lume, algo que precisamente se trataba de evitar; pero non so iso, a maiores, esa maleza termaba de taludes, valados e terreos coas súas raíces que ao desaparecer fanos caer e facilitan a erosión da terra. O barato da solución química sae caro comparada cos prexuízos que orixina.

O máis lóxico sería que os responsables da materia nas diversas administracións usaran medios mecánicos periódicamente xa que co desbroce as plantas seguen termando do terreo.

Numerosos estudos de facultades galegas levan anos alertando do perigo que supón a contaminación química para a riqueza das rías galegas. Os contaminantes químicos son asasinos invisibles e lentos, os seus efectos vense a longo prazo e de aí ven a súa maior perigosidade porque non chaman a atención ata que se manifestan os seus efectos acumulativos na saúde da fauna ou da xente que consume produtos das rías.

Un amigo viaxeiro describíame maravillado as estradas secundarias de Inglaterra ou de Francia fundidas coa paisaxe, sen asfaltados innecesarios e que formaban parte dun cadro de campiña idílica. Aquí atopamos lugares semellantes pero esperemos que tomando conciencia do paraíso no que vivimos poidamos valoralo e coidalo moito máis.



FOTOS ANTÓN



# Betanzos, 6 de outubro de 1907

## O MITIN EN GALEGO DE LUGRÍS

Aínda que no pasado ano con motivo de dedicarselle o Día das Letras Galegas a Manuel Lugrís Freire, falouse do célebre mitin que o sadense pronunciou en lingua galega (cousa desusada nos actos públicos políticos por entón), publicouse en diferentes medios e mesmo se representou con presenza de autoridades políticas e da Real Academia Galega na Praza do Campo de Betanzos no actual palco da música, herdeiro daquel outro que acolleu o mitin de Solidaridad Gallega, o certo é que é neste outubro de 2007 cando se cumpre o centenario daquel acto que non só pasou á historia política do noso país senón tamén á historia socio-lingüística do galego.

Seguramente houbo antes deste moitos mitines en galego no seo das sociedades obreiras e agrarias decimonónicas e de principios do século XX, mais a singularidade do mitin de Lugrís consistiu na expectativa que xerou e na dimensión do acto (con presenza de políticos cataláns e un ex-presidente da I República, Nicolás Salmerón), no seu carácter público e ao aire libre e no feito de ser recollido taquigráficamente e reproducido na revista *A Nosa Terra* que o deixou fixado para a posterioridade, e incluso por Carré Aldao no seu libro "Literatura Gallega" (1911) como unha amosa de lingua oral. Ficou así rexistrada a intervención de Lugrís Freire naquel grande acto de Solidaridad Gallega como "o primeiro mitin en galego".



LUGRÍS FREIRE POLA ÉPOCA DO MITIN SOLIDARIO DE BETANZOS  
NUN RETRATO DO BETANCEIRO FERNANDO CORTÉS.

### AS VERBAS DE LUGRÍS

Mariñáns e montañeses, homes traballadores e honrados, saúde.

O que agora ten o atrevemento de falarvos, é tamén un mariñán que tivo a grande sorte de nacer nesta bendita e ridente terra nosa; e, como tal mariñán, quérovos falar na lingua galega, primeiramente, porque deste xeito entenderédesme mellor, e despois porque un boletín da Cruña, que para escarnio e vergonza do bon sentido leva o nome santo da nosa terra, dixo que se hoxe se vos parolaba en galego, na fala que adeprendimos das nosas nais, na fala querendosa en que vosoutros namorástedes ás compañeiras da vosa vida e dos vosos infortunios, nais cariñosas dos vosos fillos, enterraríase no ridículo a propaganda de redención, de verdadeira libertá, que alboresa para esta terras. (*Aplausos*)

Con todo o meu corazón quero esta terra mariñana, terra que defendín aquí i en terras de lonxe, gabándome sempre de sere paisano voso. Como tamén sobre a fala galega, que é sagrada para nós, por sere un herdo dos nosos antepasados, deixaron caer a súa bulra os estúpidos que renegan do que nin siquera renegan as feras, quero hoxe, repito, falarvos na nosa fala, porque é unha fala honrada, na que aínda non se furtou, na que non se escribiron os recibos dos consumos, nin as notificacións de embargo das vosas facendas, nin a declaración de soldados que arrinca dos vosos lares ós fillos cando vos fan máis falta para o duro traballo da terra. (*Grandes aplausos*)

Din por aí que a emigración é cousa boa. Poida que por decontado o sea. Pero eu, mariñáns, que tamén fun emigrante, podo dicirvos que é boa, como é bon que un sentenciado á morte negra fuxa, se pode, do carce; como un home fuxa da terra inzada de lobos, como o paxaro fuxa do covo das víboras. Que lle pregunten ao gallego por qué larga da súa terra, que lle pregunten cántas bágoas verteron os seus ollos ao dar o derradeiro adiós á terra quirida, ao cimiterio que garda as cinzas dos seus pais, á aldea quirida onde xogóu de pequeno... ¡Que lle pregunten! E se eles responden, veredes qué negra noite de angustias, qué doridos laios levan na ialma ao deixaren esta terra, que debía ser nosa, e que non podemos vivir nela

porque non hai xusticia nin libertá senon para esa maldita casta que chamades caciques.

Eu, que vivo na Cruña, teño visto ós emigrantes, famentos, pálidos, tristes, esconsolados, coas mans callosas de tanto traballo..., que xa sabedes que desta terra fuxen os que traballan, pero non os zamezugas da política que teñen as mans suaves e levan os callos na ialma. (*Un paisano grita: "¡Benia a nai que o paríu!"*)

Meus paisanos, meus irmás, escoitade..., escoitade ben. Non vos esquezades, eu volo rogo, de que a unión é a forza, e se vos xuntades, non hai cañós que poidan con vosoutros.

Ben sabedes que hai un paxaro ladrón, fero e forte, que se chama o bexato. Este paxaro anda sempre voando sobre as vosas chousas agardando o momento de atopar unha vítima. Cando un pito queda solo na eira ou no curro, o bexato baixa coma unha centella e cómeo. Pero hai outro paxaro cativo, o gorrión, que cando se ve atacado chama piando polos demais gorriós para que lle vallan, e como os gorriós teñen irmandade e axúdanse, xúntanse todos e bótanse sobre do bexato, e mátanos. ¡Pois ben, mariñáns, xuntádevos todos vós contra dos bexatos da política que voan sobre dos vosos hórreos! (*Atronadores aplausos*)

E non coidedes que estas asociaciós para a vosa defensa é cousa nova nestas terras das Mariñas. Noutros tempos, no sigro XIII, había unhos homes poderosos, condes, marqueses e nobres, que vivían en castelos nos cumes das montañas, sempre escollidos polos paxaros de rapiña, e que se facían donos das vosas vidas, das vosas honras e máis das vosas terras. Un día, un poeta mariñán, chamado Patiño, que tiña na ialma a nobreza e fidalguía dos betanceiros don Victor Naveira e don Juan Golpe que vos dirixen nestes tempos, xuntou a todos os labregos das Mariñas... e aqueles nobres, condes e marqueses, foron duramente escarmentados, os seus castelos desfeitos, e a xusticia cumprida; e de escravos fixéstevos homes libres pola razón da forza que sempre se encontra na irmandade e na unión, e a forza é un dereito cando nos queren curtar aquilo de que sólo Dios é dono: a libertá e a honra.

Hoxe rexurden aqueles malos homes, que é ben certo que a mala herba non morre senón arrincándoa de rais e aplicándolle fogo; hoxe volven a facervos escravos, a roubarbos o

dereito de homes libres, e tedes que tornar a xuntarvos fortemente contra dos bexatos do caciquismo. (*Aplausos*)

Escoitade este pequeno conto, que é de moito proveito.

Unha vez un vello petrucio estaba enfermo de morte. Chamou ao rente do seu leito aos nove fillos que tiña, e díxolle ao máis pequeno que collera unha vara de bimbio e que a rompera. A vara rompéu facilmente. Despois díxolle ao fillo máis vello, que era forte e valente, que rompera as nove varas xuntas. Por moita forza que fixo, non puido nin siquiera doblalas. Entonces dixo o vello petrucio: "Xa vedes, meus fillos, que unha vara sola é fácil de romper, pero todas xuntas non hai quen as dobre. Eu vou morrer axiña, e rógovos que teñades sempre irmandá, que vos defendades todos xuntos, para que os vosos enemigos non poidan facervos mal".

Seguide, pois, asociándovos; xuntádevos contra dos vosos enemigos, e seredes fortes, e seredes libres, e faredes libre e honrada, rica e poderosa, a terra quirida onde todos nacimos.

¡Viva Galicia! ¡Viva a Solidaridá! (*Grandes e prolongados aplausos*).

O discurso foi recollido e publicado por A Nosa Terra (nº 11; 19-X-1907) e por Uxío Carré Aldao en "Literatura Gallega", 2ª ed., Barcelona 1911.



INTERVENCIÓN DE SALMERÓN, EX-PRESIDENTE DA I REPÚBLICA NO MITIN DE BETANZOS. Arquivo Municipal de Betanzos.



## Un repaso á Sada lendaria

Manuel Dans

A vila de Sada e mailas entidades de poboación que conforman a súa freguesía posúe un corpo lendario que pola súa densidade e contido a conectan coa Galicia máis enxebre e rural, a mesma á que pertencía antes de que a expansión da Coruña a incluíse na súa área de influencia. Así, o castro de Samoedo encargárase de delatar a omnipresencia dos nosos mouros, seres que moitos autores identifican cos elfos centroeuropeos e tema cuxa extensión precisaría dun traballo á parte. Mais sobre todo cómpre chama-la atención verbo da existencia dunha entrada ó Outro Mundo nunha cova de Fontán, dun monte en Riobao no que se celebraban aquelarres e dunha misteriosa cidade que por mor dun diluvio quedou asolagada por baixo das augas das Brañas.

### A cova dos laios

Contra a fin do séc. XIX a maldición que pesaba sobre a furna de Morazón aínda gozaba de moito predicamento entre a poboación de Sada e Fontán. Así o contaría máis tarde o escritor sadense Manuel Lugo Freire cando de neno escoitaba da boca dos vellos narrar aquela historia

que, segundo el, “moito me tiña privado do sono”. A Covadanza, unha cova mariña que a pacencia milenaria do mar foi perfurando na rocha do can-

til que sostén os restos do castelo de Fontán estaba considerada nada menos que unha entrada ó mesmo inferno. Do seu bandullo escuro bulían cara a fóra laios atormentados, queixumes e saloucos que escorrentaban até ós animais que se lle achegaban. Se alguén se atrevía a investigar no seu interior era recibido por un vento repentino e xeado que lle apagaba o o candil na man. Contan que nunha ocasión un mozo afouto e decidido meteuse na furna levando unha candeia de cera virxe; que así que andou un pouco decubriu unha ara negra e, sobre ela, un cruceiro cun cristo que sangraba; así que pousou a vela enriba de imaxe o cristo acougou e a cova quedou desen-

cantada de vez. Para mitólogos como A. Reigosa, X. Miranda ou X.R. Cuba, a lenda da Covadanza é unha descarada cristianización dun antigo tema pagán: o do Outro Mundo ou Mundo dos Mortos e as súas portas de acceso. O propio nome “Morazón” está emparentado cos nomes de antigas deusas neolíticas da morte como Mórigan ou Morgana que logo herdarian os pobos celto-atlánticos.





## Culto ó demo

Na poboación de Riobao érguese o monte de Alexandre, lugar onde ó parecer existiu unha vella mina que xa explotaban os fenicios antes de seren substituídos nese labor polos celtas, constructores dun pequeno castro cuio foxo defensivo, aínda visible, dá nome ó veciño enclave da Quenlla. No curuto do monte atópase chantado un croio de seixo que recibe o nome da Pedra das Agullas, da que se dicía non se podía tocar so pena de enfermarse e morrer no prazo de nove días, e profecía que alguén con peito dabondo demostrou ser falsa. Non debe estrañar escoitar tan lúgubres historias dunha paraxe que foi ata ben entrada o séc. XIX a elixida polas meigas de Sada para celebraren os seus parlamentos, reunión tamén coñecida como aquelarre e que estaba presidida por un demo ou o Demo en persoa. Segundo recolle Eugenio Carré Aldao para a obra “Xeografía Xeral de Galicia” este demo tiña o seu acubillo no labrusco e despoboado lugar de Veloi, situado no camiño entre as aldeas de Riobao e Souto. En realidade, os ritos que a Igrexa chamaba demoníacos non eran máis que a sorprendente pervivencia no tempo de antigos ritos pagáns.



## Cidade asolagada das Brañas

Durante o paleolítico final a humanidade acadaba o seu grao máximo de desenvolvemento técnico e demográfico coñecido ata entón, cando de súpeto aconteceu a nivel mundial algo tan terrible que houbo de recuar de tódolos eidos conquistados: é a época coñecida como “marasmo mesolítico”. Os investigadores que se ocuparon da historia da Atlántida sitúan aquí precisamente a data da súa destrución e afundimento no océano, provocando a seguir unha cadea de desastres de dimensións planetarias que traumatizaron ós nosos antergos. É nesta época, hai 10.000 anos, onde nacerá o mito das cidades asolagadas. Galicia está inzada de lagoas e zonas costeiras das que se abofella existían cidades

antes de que unha maldición as mergullase mediante un diluvio ou por unha crecida fatal da marea. É así como aqueles remotos devanceiros nos trataron de explicar o que daquela acontecera, cunha metáfora con fasquía de lenda. Engaden, empregando parábolas, que o castigo vén dado polo egoísmo e a ruindade dos seus habitantes ¿Significa isto que os atlantes eran ou se volveron malvados? ¿Que, se cadra, se aniquilaron nunha guerra? ¿Ou foi por abusar dos recursos da terra? Sexa como for a Atlántida sadense atópase nas Brañas, humidal de enorme valor ecolóxico e arqueolóxico creado pola confluencia dos ríos Maior e da Ponte e ampliado despois polas excavacións das telleiras.



ILUSTRACIONES: LUIS OTERO

## Unha vítima betanceira esquecida: Antonio López “o Vergeiro”

Xesús Torres Regueiro

No pasado ano, oficialmente Ano da Memoria celebráronse en todo o país centos de actos reivindicando a memoria das vítimas da represión provocada polo golpe militar de xullo de 1936. Tamén en Betanzos, da man da A.C. Eira Vella realizamos actos de homenaxe ás vítimas e de pedagogía para intentar dar luz sobre aqueles feitos aínda non borrados da memoria dos familiares das vítimas e das testemuñas da época que aínda sobreviven. Deles falouse nos números 22 e 23 de A Xanela.

A memoria das vítimas betanceiras baseábase na información recollida no folleto titulado *Betanzos honra a sus mártires* (publicado en Buenos Aires por persoas próximas ao Centro Betanzos no ano 1958) e na praca de homenaxe que esa institución colocara no seu local recollendo os nomes das 33 vítimas citadas no folleto. Nós mesmos actualizabamos e poñíamos ao día os datos nun cadro publicado no nº 22 d'A Xanela. Mais velaí que aqueles recontos de urxencia, por razóns que se nos escapan (quizá algún erro na transcripción do texto que serviu de fonte), non recolleron a unha das

vítimas daquel tempo nefando: Referímonos a Antonio López, coñecido polo “Vergeiro”, alcume familiar derivado da dedicación do seu avó a ese oficio artesanal consistente en elaborar con vergas cestos e paxes. Este esquecemento involuntario do anónimo recopilador dos “mártires” betanceiros (parece ser que foi o socialista Ramón Beade, alcalde e deputado a Cortes) mantívose nas sucesivas relacións ou alusións ás vítimas. Antonio

López, humilde traballador e militante cenetista sen relevancia, só existía como vítima para os seus familiares e para algúns que o coñeceran e se lembraban del. E é que ninguén coñecía a totalidade das vítimas. Das testemuñas da época por nós consultadas unhas sabían dunhas e outras doutras.

Falando con familiares de Antonio Maceiras e José Edreira, dous mozos asasinados xuntos, aqueles insistían en falar de tres vítimas

asasinadas xuntas. Non nos saían as contas. E, efectivamente, había outro terceiro compañeiro de martirio que elevaba a 34 o total das vítimas betanceiras. Un nome que non figuraba no folleto nin na praca bonaerense, como tampouco figura na copia da praca que Eira Vella instalou o pasado 14 de abril na entrada ao Museo das Mariñas.

Tanto os irmáns de Maceiras (Maruja e Paco) como a de José Edreira (Estrella) aseguraron que “levaran aos tres” e que os asasinaron nun lugar indeterminado pouco antes de Guitiriz. O folleto citado di, referíndose só a Maceiras e a Edreira que foron paseados o 13 de

agosto de 1936 no monte da Reborica de Aranga, inmediatecións da estrada da Coruña a Madrid, onde caeron asasinados, permanecendo insepultos ate que os cans e aves de presa remataron os seus restos. A irmá de Edreira di, sen embargo, que o corpo do seu irmán foi atopado “enteiriño” polo pai logo de longas búsquedas pola zona e que foi enterrado. Os Maceiras, en cambio, descoñecen onde está soterrado o irmán.



ANTONIO LÓPEZ PÉREZ.  
Fotografía xentileza da súa irmá e sobriño.



ANTONIO MACEIRAS E JOSÉ EDREIRA OS OUTROS DOUS MOZOS "PASEADOS" CON ANTONIO LÓPEZ (NA PÁXINA ANTERIOR). Fotografías xentileza dos seus irmáns.

Localizamos á súa irmá Carmen "a Vergeira" na Residencia de anciáns García Irmáns quen confirmou os feitos. Antonio, de 27 anos, traballaba na tonelería dos irmáns Lagoa, na Ponte Nova, a pouca distancia da casa onde vivía, na Ribeira nº 47, coa súa nai, irmá e avó. Parece, segundo outras testemuñas, que López (ao igual que Maceiras, Edreira e outros), foi dos que fixeron intento de frear ás tropas militares na Ponte Nova mal armado cunha vella escopeta. Esa sería a causa de seren detidos e, posteriormente, sacados do cuartel polos "paseadores" e asasinados.

Carmen, entón solteira, estaba recién parida do seu fillo maior cando ocorriron os feitos, a súa nai (tamén solteira) tiña que atendela e o outro membro da familia, o avó, xa era maior. A situación familiar non era a máis idónea para porse a buscar a un "paseado" non se sabía onde. Seica a nai de Antonio López, cando xa era ben velliña, queixábase: "Vou morrer e aínda non sei onde está enterrado o meu fillo". Tampouco o sabe a súa irmá.

Por sorte, demos este verán cunha viciña de 85 anos do lugar da Ermida, na Reborica, que lembra perfectamente os feitos acaecidos cando ela tiña arredor dos quince anos.

*"Aquí viñeron matar a moitos. Acordo un vello moi guapo que apareceu aquí ao pé do camiño. Tiña zocos e calcetíns brancos. Déranlle un tiro por detrás, así aquí, pero a cara tiña perfeta. Deume moita pena".*

Faleille dos tres de Betanzos e lembrábase deles:

*"Eran rapaces novos. Eu a eses xa non os fun ver. Apareceron alí no Pozo da Lagoa. Xa levaban tempo. Ao redor da Lagoa había unhas toxeiros e foi a cousa de que tardaran en dar con eles.*

*Hai que apartar na xeneral á dereita e despois dunha casa que hai soa queda á man esquerda. Nós tiñamos unha tenza alí ao lado.*

*Enterraronos en Aranga, que é a parroquial. Un deles, meu pobre, tiña a cara desfeita polos golpes do fusil. Segundo oídas dos veciños e dos meus irmáns que eu non quixen ir velos.*

*Aos que aparecían nas cunetas ou nos camiños levábanos a enterrar a Aranga nunha camioneta. Un irmán meu unha vez negouse a acompañar a un paseado ate o cementerio porque estaba sen comer e un falanxista, o Rey da Orosa, púxolle a pistola no peito e díxolle: Ou vas vivo ou vas morto! E foi, claro. Tivo que ir.*

*Este era un Rey da Inclusa. Fixo moitas. Era moi mal bicho. Hoxe pódese dicir porque xa morreron todos. Viña á nosa casa a comer con outros que traía e ao mellor queixábase da comida. Levábache cuxos requisados e así...*

*Os que aparecían no pozo da Castellana, no río, e por alí, enterrábanos en Vilarraso, que é a parroquia que lle corresponde.*

(conversa mantida o 4 de agosto de 2007)

Sen embargo, no Rexistro Civil de Aranga non se levantou acta de defunción de ningún dos tres e dos moitos que figuran rexistrados como "Desconocido" non coinciden os datos de idade e de data aproximada da morte.

Sentimos a curiosidade de coñecer o lugar exacto do "paseo" dos tres mozos betanceiros e achegamonos alí. A actual moradora desa casa próxima ao Pozo da Lagoa díxonos que ese entorno cambeou completamente coas obras da autovía e os enlaces. Viña estando xusto no límite provincial perto de onde se colle o ramal para Teixeira e Santiago.

Nun recente traballo no *Anuario Brigantino 2006* nº 29 sobre as vítimas da represión, rescatamos a memoria de Antonio López "o Vergeiro" mais a súa fotografía chegounos tarde para incorporala, cousa que agora facemos. Serva, pois esta pequena lembranza de homenaxe e desagravio a esta humilde vítima, esquecida dos honores póstumos de recontos e pracas lembratorias.

# Vítimas da represión fascista 1936-39 en Betanzos

Xesús Torres Regueiro

Á luz das últimas investigacións realizadas, o reconto das vítimas betanceiras da represión ficaría, polo momento, deste xeito, trastocando un chisco os datos publicados na Xanela nº 22. (Para maior información véxase o meu traballo no *Anuario Brigantino* 2006 que ven de publicarse).

**1936**

26 de xullo

**TOMÁS FUENTES VELÓN**

25 anos. Solteiro. CNT. Fusilado en Ferrol sen xuízo previo xunto co seguinte.

**JULIO SAS BARRÓS**

27 anos. Solteiro. CNT

29 de xullo

**JOSÉ NOVO RODRÍGUEZ**

“O Ánimas”. 44 anos. Casado, cinco fillos. “Paseado” no cemeterio de Betanzos. IR. ExAlcalde.

13 de agosto

**ANTONIO MACEIRAS AMOR**

20 anos, labrador. Solteiro. CNT. “Paseado” na Reborica (Aranga) xunto cos dous seguintes.

**JOSÉ EDREIRA SEOANE**

“O Chuno”. 21 anos. Soldado. Solteiro. CNT.

**ANTONIO LÓPEZ PÉREZ**

“O Vergeiro”. 27 anos. Toneleiro. Solteiro. CNT

15 de agosto

**MANUEL VALES FERNÁNDEZ**

31 anos, camareiro. Casado, un fillo. “Paseado” por Teixeira. CNT.

**JOSÉ RILO GARABAL**

24 anos, Chófer. Casado, dous fillos. “Paseado” por Teixeira. CNT.

Antes do 28 de agosto

**FELIPE VEIGA GÓMEZ**

23 anos, labrador. Solteiro. “Paseado” na zona de Ordes. CNT e PC.

25 de agosto

**MANUEL RIOS FRAGA**

23 anos, chofer. Solteiro. “Paseado” en Bastiagueiro. UGT.

26 de agosto

**PEDRO SALGADO BARRAL**

27 anos, labrador. Solteiro. “Paseado” en Filgueira de Traba. CNT

9 de setembro

**JUAN MOREIRA SUÁREZ**

20 anos. Xastre. Solteiro. Juventudes Comunistas. “Paseado” na Espantosa (Betanzos) xunto co seguinte que o agochaba na súa casa.

**MANUEL CALVIÑO BABÍO**

38 anos. Chófer. Casado, dúas fillas. UGT

15 de setembro

**JULIO TEIJO**

26 anos, panadeiro na Coruña. Solteiro. “Paseado” en Veira-Carral. CNT

Setembro

**PEDRO TEIJO**

Irmán do anterior. 31 anos, panadeiro na Coruña. Casado, un fillo. CNT. “Paseado” nos arredores de Santiago. Descoñécese a data exacta (en todo caso, antes do 14 de outubro de 1936).

19 de setembro

**LUIS NAVEIRA CARBALLO**

“O Besugo”. 32 anos, mariñeiro. Casado, 4 fillos. Sen militancia. “Paseado” nos arredores de Betanzos.

20 de setembro

**GERARDO MOSQUERA FIDALGO**

“O Claveiro”. 31 anos, labrador. Casado, unha filla. Asasinado na casa de Tiobre. CNT e FAI.

22 de setembro

**MANUEL VÁZQUEZ GÓMEZ**

19 anos, xornaleiro. Solteiro. “Paseado” en Osedo (Sada). CNT

1 de outubro

**TOMÁS LÓPEZ DA TORRE**

“O Galo”. 36 anos, avogado. Casado, un fillo. Fusilado na Coruña. PSOE. Alcalde



7 de outubro

**MANUEL ALLEGUE REGUEIRO**

24 anos, mariño de guerra. Casa en prisión.  
Fusilado en Ferrol.

23 de outubro

**GERMÁN LÓPEZ PÉREZ**

“O Marulán”. 35 anos, labrador. Casado, con dous fillos. UGT. “Paseado” na zona de Ordes xunto co seguinte.

**FRANCISCO BARREIRO PERMUY**

“Paco O Paragüero”. 21 anos, solteiro, fotógrafo. Juventudes Comunistas.

27 de outubro

**JOSÉ CARRO PENA**

“O Cagamaterías”. 38 anos, xornaleiro e areeiro. Casado, 4 fillos máis un póstumo. “Paseado” en San Tirso. CNT

28 de outubro

**BERNARDO MIÑO ABELENDÁ**

67 anos, labrador. Casado, unha filla. PSOE e UGT. Concelleiro. “Paseado” en Betanzos (km. 2 da estrada a Ferrol) xunto cos tres seguintes.

**ANTONIO LAGARES GÓMEZ**

51 anos, consumeiro. Casado, tres fillos. PSOE e UGT.

**CAMILO NAVEIRA FERREÑO**

26 anos, labrador. Solteiro. CNT.

**MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ**

“O Chacho”. 17 anos. Solteiro. Juventudes Comunistas

[Con eles “pasearon” tamén ao mozo de 20 anos FRANCISCO MORENO VILARIÑO, “O Paseado”, que só foi ferido e sobreviviu vivindo na actualidade.]

24 de novembro

**FRANCISCO FRAGA GARCÍA**

“O Coducho”. 29 anos, camareiro. Casado, cinco fillos. Fusilado na Coruña. CNT

**1937**

27 de xaneiro

**MANUEL MUÑOZ OTERO**

33 anos, mariño de guerra. Casado, tres fillos. Fusilado en Ferrol.

9 de outubro

**AURELIO CASTILLO BARREIRO**

32 anos, pintor. Casado, unha filla. CNT. Fusilado na Coruña.

**1938**

26 de xaneiro

**JOSÉ MASEDA VAAMONDE**

“O Calderetero”. 26 anos. Labrador. Solteiro. CNT. Fusilado na Coruña.

18 de novembro

**CELESTINO VEIGA ÁLVAREZ**

“O Caganopino”. 23 anos. Labrador. Solteiro. CNT. Fusilado na Coruña.

**1939**

9 de marzo

**FRANCISCO CORTIÑAS DÍAZ**

44 anos, rentista. Solteiro. Asasinado na rúa por un garda civil. Sen afiliación coñecida.

20 de setembro

**JOSÉ VAAMONDE VALIÑO**

46 anos. Labrador. Casado, dous fillos. CNT. Morre na cadea da Coruña.

**MILITANCIA POLÍTICO-SINDICAL**

CNT	20
PSOE/UGT	5
JJCC	3
IR	1
PC	1
Sen filiación	4 (2 mariños de guerra)

Arriba España!!

DESEÑOS EN SOBREIMPRESIÓN: LUIS SEOANE.

# Os Coros Galegos: Un xeito de vivir o País

**Moncho do Orzán**

“A nós interesa-nos máis un coro galego que un deputado en Cortes por Galiza”  
(Antón Vilar Ponte)

Cando en 1883 bota a andar en Pontevedra o Coro Aires d'a Terra, Galiza inicia unha dourada etapa de rexurdimento musical de auténtico sentimento pola Terra. Visten o traxe do País e cantan melodías de inmenso valor patrimonial nunha sociedade abertamente hostil cara calquera expresión propriamente galega. O Coro salva así por primeira vez un enorme baleiro entre o campo e a cidade, dous mundos separados por un conxunto de valores e representacións elaboradas ao longo de séculos en Europa, que en Galiza son importadas ás présas ao xurdir unha raquítica burguesía industrial e comercial en etapa moi seródia.

Aires d'a Terra naceu ao redor da botica de Perfecto Feijoó Poncet, onde se xuntaban varios intelectuais, amigos do boticario: Víctor Saíd, Torcuato Ulloa, Víctor C. Mercadillo... Incluso chegou a tomar parte no coro o noso máis célebre persoero: Alfonso D.R. Castelao.

Aires d'a Terra deu semente a un dos piares fundamentais da música galega de grande parte do século XX: os Coros Galegos. Hoxe só quedan

catro coros que seguen a sentir ese mesmo impulso de hai xa case 125 anos. Os Coros Históricos son “Real Coro Toxos e Froles” de Ferrol (1914), “Cántigas da Terra” da Coruña (1916), “Coral de Ruada” de Ourense (1919) e “Cántigas e Agarimos” de Compostela (1921).

Toxos e Froles nace no Ferrol grazas á adicación e o cariño de Manuel Lorenzo Barxa, operario do Arsenal (moitos dos coristas fundadores traballaban alí). Este é o decano dos coros galegos. Hai pouco reeditou-se unha gravación do ano 1922, boa mostra do entusiasmo e sentimento dos coristas cara a nosa música.

Cántigas da Terra xorde na Coruña ao abeiro das Irmandades da Fala grazas ao esforzo e adicación de destacados intelectuais como Eládio Rodríguez González, Xosé Iglesias Roura e de brillantes músicos como Maurício Farto Parra e Manuel Fernández Amor, entre outros.

A Coral de Ruada nace en Ourense da man de Fabriciano Iglesias, Javier Prado e Virxilio Fernández e do músico Daniel González. Posteriormente incorpora-se o grande investigador da zanfona, Faustino Santalices.

Cántigas e Agarimos constitúese en Compostela froito do labor de importantes persoeros da cultura: Bernardo del Río Parada, Camilo Díaz Baliño, Salvador Cabeza de León e Enrique S. Guerra.



Como se pode observar, a orixe dos Coros Galegos Históricos atopa-se moi vencellada á toda cultura florescente do primeiro cuarto de século XX, culminada na II República e deitada pola lousa da dictadura fascista en 1936.

Nembargantes, foi coa chegada da democracia que algunhas persoas se decidiron a iniciar un novo impulso asociativo destinado en esencia á recolla e difusión “exacta” de melodias polas nosas aldeas. Fundamentalmente por descoñecimento e por un sentimento “ráncio” cara os Coros (logo de que estes perduraran ao longo de 40 anos de dictadura), desbotaron o modelo de Feijoó.

Así a meirande parte destes grupos inauguraron un novo modelo de aproximación científica no que asepticamente toman melodias e letras do imaxinario popular sen analizar aspectos tan importantes como a fala (escoitemos as pandereteiras en castelán co traxe do País) ou a idade (canto imitando a voz dos vellos que, por certo, tamén foron mozos!). E pola contra esquecendo valores esenciais como as melodias xa recollidas polos coros hai varias décadas (recollendo moitas veces o xa recollido) e a ligazón da música galega con outras disciplinas culturais do País.

A herdanza actual destes feitos é a case total segmentación da música galega en grupos nos que cada quen logra sobrevivir como agrupacións estancas, a maioría sen un ideário común de País.

Ao meu entender, o paso máis necesario neste momento é un cámbio de modelo, tomando como esencia un tempo histórico para o noso País. Ese tempo no que un escritor, pintaba e cantaba nun coro; no que un economista chegou a ser deputado en Madrid e cantaba nun coro; no que un traballador da forxa fundou un coro. Na cultura non deben existir marcos que delimiten as leiras nas que se traballan distintos aspectos do noso País.

É por isto que a música do noso País non pode ficar illada. Non podemos caer na farsa teatral de representar-nos a nós mesmos enriba dun escenario. Cómpre camiñar cara novos modelos onde non exista distinción entre intérprete e público, onde tomemos parte do que é noso e está aí para desfrutá-lo. Contaxiemos a festa, pro a festa en galego. A festa que soñaron os coros hai cen anos onde todos participemos cantando un maneo, unha foliada ou un canto de pandeiro na nosa fala.

*Foliada de Negreira Tradicional*

*guit. Allegro ma molto*

*Nos catro primeiras compases tocadá unha gaita só, sen percusión.*

*Repertorio de Cántigas da Terra.*

### FOLIADA DE NEGREIRA

Lanchiña que vas en vela (bis)  
levas chaquetas e panos  
para a miña Manuela. (bis)  
Ai la le lo ai la le lo  
Ai la le lo ai la la.

Viva quen sabe querer-e, (bis)  
viva quen no mundo pasa  
penas por unha muller-e. (bis)  
Ai la le lo ai la le lo  
ai la le lo ai la la,

Penedos de Pasarela, (bis)  
cando vos vexo, penedos,  
suspiro de amor por ela! (bis)  
Ai la le lo ai la le lo  
ai la le lo ai la la.

Dende Lira vexo Noia, (bis)  
vexo o monte de Miñarzo,  
vexo unha Nosa Señora. (bis)  
Asi la le lo ai la le lo  
ai la le lo ai la la.

Repertório de  
Cântigas da Terra



## A inglesa Meakin fala de Betanzos (e II)

Na anterior entrega deixáramos á escritora, viaxeira e antropóloga inglesa Annette Mary Budgett Meakin (1867-1957) no adro da igrexa de Tiobre louvando as magníficas vistas de Betanzos en maio de 1907. Dende alí tamén se observa ao lonxe o promontorio da Espenuca, descrición que introduce no medio da descrición. Dende Betanzos, a Meakin achégase por ferrocarril a Cambre describindo a súa magnífica igrexa. Logo diríxese a Ferrol nun coche de cabalos, pois aínda non estaba rematada a liña férrea entón en construción: “Cada poucas horas un omnibus tirado por dous pares de cabalos sae da Praza do Campo de Betanzos cara Pontedeume e Ferrol, chegándose a esta última cidade en cinco horas.” Si, señor, cinco horas nada menos. Lembramos novamente que a editorial Tambre publicou en 1994 a tradución galega, a cargo de Rebeca Quintáns, da obra de Annette Meakin *Galicia, the Switzerland of Spain* publicada en Londres en 1909 con pequenas fotografías da propia autora. (S.T.)

### Betanzos

**Annette B. Meakin**

No empinado monte ao sur de Betanzos coñecido como Santa Aia de Espenuca hai unhas cavernas moi antigas, ou grutas naturais, que supostamente acubillaron unha tribo troglodita nos tempos prehistóricos. O nome de Espenuca deriva do latín spelunca, cova. Na ladeira do oeste deste monte hai unhas tumbas de granito, monolitos coa forma para gardar un corpo, como os que eran comúns nos séculos VIII e IX, pero máis correctos no seu deseño, e polo tanto posiblemente pertencentes a un período aínda máis temperán. O Dr. Oviedo cre que existiu aquí unha igrexa e parroquia cristiá dunha antigüidade que chega ata o século V, e os documentos proban que houbo unha aquí no século IX.

Dende Tiobre decatámonos das dúas agullas ou chapiteis que foran engadidas había seis anos na igrexa de Santiago, e alá fumos despois. No tímpano do arco sobre a entrada principal desta igrexa hai unha peza de escultura en relevo que representa a Santiago a cabalo; axita a súa espada coa man dereita e leva unha bandeira na esquerda. Diante del está de xeonllos unha muller nova coas mans alzadas suplicante (evidentemente unha das cen doncelas a punto de ser enviadas como tributo aos mouros xusto antes da famosa batalla de Clavijo).

O tímpano está rodeado dunha arquivolta triple apoiada nunha xamba coas súas tres columnas correspondentes. O Dr. Oviedo ficou enormemente sorprendido coa representación da Derradeira Cea nunha das arquivoltas. Chámao

“un libro en pedra”, único en Galicia e posiblemente tamén en España, xa que mostra unha fase especial na arte escultórica da Idade Media. A escultura nos capiteis é a máis extravagante que xamais atopei en Galicia: nun hai un león con cabeza de home, e noutro un monxe abrazando un león. Entrando na igrexa sorprendeume achar que todo o edificio inclinábase un pouco cara un lado, á maneira de Santa María de Sar [nota: Esta inclinación tamén pode verse dende o exterior, o que non sucede no caso de Sar]. Cando se engadiron as torres novas, hai uns seis anos, limparon a nave central ata a súa profundidade real e trasladaron os ósos de moitos mortos que foran enterrados alí. Hai tres naves. O vidro de cor das graciosas fiestras oxivais da ábide gótica é moderno e veu da fábrica de León. O tellado é de madeira e apóiase en tres arcos góticos. A decoración esculpida da capela de San Pedro e San Pablo é interesante.


Xusto fronte a igrexa de Santiago hai unha torre cadrada, que evidentemente tiña a misión de servir de defensa á vila durante a alta Idade Media; agora úsase como vivenda.

Outra igrexa que paga a pena visitar é a de Santa María do Azougue. Achámola no medio dunha restauración e chea de andamios. Esta igrexa ten a mesma clase de inclinación que Sar. O Dr. Eladio Oviedo mantén a opinión de que ámbalas dúas, esta e a de Santiago, datan do século XIV; é dicir, do segundo período do gótico.



DANZAS GREMAIS FRENTE Á TORRE DE LANZÓS  
A COMEZOS DO S. XX.  
FOTO DE F.J. MARTÍNEZ SANTISO (AMB).


Despois visitámo-la igrexa, que fora conventual, de San Francisco, que ten baixo o seu pavimento enterrados máis de cen homes distinguidos pertencentes á máis alta aristocracia de Galicia. Un fica inmediatamente impresionado pola decoración escultórica da entrada principal, que é do románico puro. Villa-Amil considera esta igrexa a máis importante, dende o punto de vista escultórico, de tódolos edificios franciscanos de Galicia, e engade que non temos probas da data exacta de ningún deles. O sartego esculpido de Fernán Pérez de Andrade ten unha inscrición coa data 1387. Este sartego está apoiado sobre as espaldas dun oso e un porco bravo, ámbolos dous de tamaño natural. Sobre el está a efixie deitada, vestida coa



SARTEGO DE ANDRADE EN SAN FRANCISCO.  
FOTO DE ANNETTE MEAKIN PUBLICADA NO SEU LIBRO.

armadura, de Andrade, que debeu ser un gran deportista, xa que os pés descansan sobre dous cans, cada un deles cun can máis pequeno entre as patas; outro can está a morde-lo extremo da súa almofada de pedra; o lado exterior do sartego está cuberto de alto-relevos que representan a vívida escena da caza dun oso, na que poden distinguirse catro cazadores a cabalo e un grupo de cans, un deles tendo conta dun oso mordéndolle a orella; tódolos cans levan collar; hai un segundo oso ao fondo. Hai outro grupo de tumbas, pero a que acabo de describir é con moito a máis impresionante delas.

Un dos extremos do cruceiro está iluminado cunha xanela de rosetón, e o outro ten fiestras oxivais dobres. O arco triunfal que leva á ábsida principal está adornado con esculturas de anxos e figuras fantásticas. Hai tres ábsidas góticas con fiestras oxivais. O exterior desta igrexa é pintoresco, co seu tellado de tellas, e en conxunto o estilo resulta sorprendentemente arcaico.



VISTA XERAL DE BETANZOS CARA 1900. TARXETA POSTAL.

# O esplendor do pop galego sen ataduras folk

**Xosé Luis Sobrino**

O pop galego e a música de autor existe e ten vida propia. As propostas son variadas aínda que ás veces sexa difícil achegarse ata elas en tempos neste tempos nos que o folck parece ser a única denominación de orixe válida para a música galega, ou onde outros xéneros como o rock teñen que recorrer á fusión folkie para ser validamente recoñecidos ou apoiados a nivel institucional. Pese a iso moitos apostan polo seu propio camiño, creando un universo creativo paralelo ao que se segue noutros puntos de España, desbordando talento e creatividade que exportar. Achegamos tres exemplos diferentes, empezando pola proposta idiomática que pasa polo galego, o castelán e o inglés e que amosan e dan idea da riqueza que o pop galego pode aportar todos eles da man de Falcatruada, sello independente galego ao que algún día se lle terá que recoñecer a súa labor de difusión e apoio aos novos talentos.

## **The Homens “Tres” Falcatruada. 2007.**

O grupo The Homens fai honra ao nome do seu single “Calamar”, pois de seguro que lograrán engancharnos co seu ritmo e letra vitalista dende os primeiros acordes. Como se polos tentáculos nos víramos atrapados, a adicción e a posterior escoita máis dunha vez está garantida. Ademais a voz de Martin Wu, levaranos de seguido a un universo paralelo ao dos granadinos *Los Planetas* ata o punto de preguntarnos ás veces se estaremos a escoitar a “J” cantando en galego. Aínda así, as similitudes esváense noutros temas onde os parecidos non son tan evidentes, como “Cen días” ou “Prende o sol” emparentados na súa concepción sonora con outras bandas indies da escena española, pero aportando os seus propios matices e unhas letras galegas ideadas por Martin Wu (guitarra e voz), Roi (baixo) e Xocas (batería).



Letras que acompañadas dun auténtico pop enerxético, con guitarras ruxidoras e retrousos cantables nos farán evocar imaxinarios Benicassims galegos. Melodía, enerxía e actitude é polo tanto a súa proposta. The Homens levan máis de tres anos tentando mesturas complicadas como a nova onda de finais dos setenta co post hardcore dos oitenta e o pop británico de calquera década.

O grupo funciona como tal desde finais do 2004 e dende de entón levan dous Eps autoeditados (#1, do 2005, e #2, no 2006). Poñendo no mes de outubro na rúa o seu primeiro disco longo. O disco comezouse a xestar en xullo nos estudos Ultramarinos Costa Brava de Santi García, tomou forma no verán e xa está nas tendas de toda Galicia. A nova entrega dos composteláns The Homens, conta con once cortes ou antidotos do aburrimiento, editouse en formato especial: vinilo de 12”, un disco cos temas en mp3 e un póster no interior, e en formato económico en digipack, para poder así complacer as distintas opcións polas que se opta hoxe en día á hora de mercar música.

## **Silvia Penide “Desafinante Crónica”. Falcatruada. 2007.**

Outro exemplo da variedade creativa e de apostas estilísticas que está a aportar a música galega é Silvia Penide. A cantautora tras ter paseado a súa música por toda a península e e





**Seigny**  
**“Melalcoholic”**  
**Falcatruada. 2007.**

Agora non fai falta ir moi lonxe para sentirmos invadidos pola nostalgia da música americana. Con *Melalcoholic* Lucía Rolle, o alter ego real de Seigny, deuse a coñecer por toda Galicia nunha serie de concertos que a converteron nun dos discos revelación do ano. Seigny atópase nestas datas de despedida do 2007 totalmente entregada á súa xira de despedida antes de levar a súa música por outras latitudes e, de paso, traballar na

composición do seu segundo disco. Lucía Rolle alterna neste tempo os concertos acústicos e outros nas que se deixa acompañar pola súa banda (Rubén Appratto ao baixo e Xulio Vázquez, batería e percusión) con eles logra despreparar unhas melodías máis jazzeras sen esquecer certos flirteos electrónicos. O pop folck americano esta no transfondo deste traballo de debut da cantante coruñesa, pero ás veces refrescado con esas brisas máis jazzísticas como no tema “Collapse”, verdadeiro canto á nostalgia e á melancolía. Outras veces o pop-folck xorde dun xeito máis evidente como en “Waiting for this look”, pero sen entrar en terreos estridentes, deixándose levar pola melodía e o intimismo. En todo caso a dozura, a ensoñación, e a sensibilidade percorren os recunchos de *Melalcoholic*, aderezado con outros tempos enéxicos e de media furia como na fin do tema “Breathe”. Se os discos tivesen recomendacións como os medicamentos na súa dosificación este sen dúbida debería ir acompañado dun lema que aconsellase “a súa escoita nas tardes plúmbeas de outono”, aínda así calquer momento é bo para deixarse levar pola imaxinación e as paraxes sonoras coas que Seigny nos agasalla na súa sensacional estrea.

Europa volve a sorprendernos cun novo lanzamento. A súa carreira musical pese a estar agora no seu momento álxido, cunha xira que comezará en Madrid, e seguirá por Asturias e Euskadi, nos seus comezos tivo unha forte vinculación con Betanzos, onde presentou a súa primeira maqueta e onde ofreceu distintos concertos con motivo de distintos actos culturais e festivos. A súa *Desafinante Crónica* dáse a coñecer co tema “Reventaba” un tema de carácter intimista pero enéxico, onde a complicada natureza humana sae a flote. A contradicción entre o que desexamos e o que realmente facemos e as lembranzas que acaban aflorando no momento máis inusual para lembrarnos as oportunidades perdidas. Nos once cortes deste album teremos a oportunidade de mergullarnos aínda máis nos mundos intimistas que nos ofrece esta cantautora dona e señora das súas propias creacións de principio a fin. O percorrido é variado e temas como “Grandegigante” ofrécenos a visión máis vitalista e optimista da rapaza de Arteixo. A voz máis brillante destes momentos en Galicia no que a música de autor se refire volve con temas tan personais e ao tempo universais como o tema “tan fuertes”. Silvia Penide no seu terceiro album con Falcatruada consegue ser capaz de reiventarse a si mesma, seguir sendo brillante e non faltar aos principios musicais que lle deron un nome e lle fixeron un contar cun espazo relevante na escena musical nacional. A música, pese a compartir esa dozura compositiva que os faría emparentar con grupos como o arxentino *Rosal*, conta cuns arranxos instrumentais que fan que a súa música poida chegar a un espectro máis amplo de xente, ao dotala dunha maior contemporaneidade. En suma, temos diante un bon disco para facer unha transición sen sobresaltos do pop de outono a melodías máis optimistas e empapadas do espírito primaveral.






# As novas que nos chegan

Baraxeiro


**FARRAPOS DE NUBE** é un novo poemario de **Xoán Neira** dedicado aos nenos, que conta con axeitadas ilustracións de Ánxeles Ferrer. Un total de catorce poemas, a maior parte deles centrados na natureza, que o autor quere que os nenos aprendan a valorar e respeitar: “Escoita o latexo / do corazón da Terra, / reloxo perfecto / que o home altera”. Non por casualidade remata cun poema á Paz, “a flor de tres letras”. Son escasos os autores galegos que fan poesía para as crianzas: García Teijeiro, Gloria Sánchez... e Xoán Neira, debedor neste campo da mestría precursora de Manuel María. Fervoso poemario para os lectores infantís, que tamén gusta aos adultos con sensibilidade que non deixaron de ser nenos totalmente. Edita Baía edicións na súa colección *Xiz de Cor*, da que fai o número 12. Precisamente esta colección comezara hai uns anos con outro poemario de Xoán Neira que deu título á colección: *Xiz de Cor*.



**TRINTA E DOUS DENTES** é a nova novela do betanceiro e compañeiro de Eira Vella **Xabier López López** que foi finalista do Premio “Torrente Ballester” 2006 convocado pola Deputación da Coruña e foi publicada no presente ano por Editorial Galaxia. Na trama, que ás veces lembra á novela picaresca, un autor teatral de éxito aparece convertido da noite para a mañá nun neno de dez anos, mais que pensa e sente como o adulto que en realidade é. Como se le na contracapa, “Trinta e dous dentes xoga coas ideas de aparencia e identidade para trazar unha metáfora sobre a minoría de idade imposta a individuos, culturas e sociedades”.



**A MEMORIA DE VILALBA** de **Carlos Díaz Martínez** e **José-Luis Novo Cazón**, forma parte da colección “Álbum de Postais” que ven editando Edicións Xerais e que neste caso contou coa colaboración do Instituto de Estudos Chairegos. Coidado e documentado traballo de recopilación de imaxes antigas da vila vilalbesa que conta cun magnífico texto de Novo Cazón sobre a evolución histórica de Vilalba.



**ADRA**, *Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, entidade que ven de cumprir trinta anos de vida, sacou o seu número 2. A revista é unha “aportación desde a propia base social que sustenta a institución” e que pretende “atraer a xente cara ao Museo do Pobo Galego, que vexan nel unha institución útil para o século no que vivimos e para o desenvolvemento cultural”. Compoñen este número un total de dez traballos con contidos diversos que abranguen a arte, a historia, a etnografía e antropoloxía, da autoría de Carlos García Martínez, Octávio Sacramento, J.M. Laredo Cordonié, Virginia de la Cruz, Eduardo Beiras, Jesús Giráldez, Comba Campoy García, Manuel Vilar, Federico López e Xesús Sambade. Nolo Suárez é o autor da ilustración que abre a revista.



**SAUDADE**, *Revista de poesía*, editada na vila portuguesa de Amarante pola Associação Amarante Cultural e Edições do Tâmega, baixo a dirección de António José Queirós, sacou o nº 9 no pasado xuño recollendo un total de 51 poemas doutros tantos poetas que cantan nesta ocasión ao corpo. Portugueses a maioría (entre eles algúns que colaboran n’A Xanela como Botto Semedo), brasileiros, un grego e un español e catro galegos: Alfredo Ferreiro, Ramiro Torres, Tati Mancebo e Xosé Lois García.



**CAMINHO LONGO**, “*Antologia de Sonetos de Manuel Oliveira Guerra*”, recolle todos os sonetos incluídos nas obras deste escritor radicado no Porto e grande amigo da Galiza: “Padre Nosso”, “Ave Maria”, “Algemas”, “Coisas desta negra vida”, así como Diversos, Inéditos e Dispersos. **Oliveira Guerra** (1905-1964) procurou o intercambio cultural con Galiza nun esforzo non debidamente valorado e recoñecido, fundando o Círculo de Estudos Galego-Portugueses e a revista *Céltica*. A antoloxía está editado pola Papiro Editora e leva un Prefácio de Salvato Trigo e un posfácio de Jorge Listopad.



**DO TEMPO E DOS HOMENS** de **Joaquim de Montezuma de Carvalho**, recolle no seu *Volume I. Da historia literaria à historia da cultura* un total de 66 artigos deste destacado humanista publicados a súa maioría na prensa portuguesa. Están agrupados en tres partes: Temas literarios (con apartados para Literatura de lingua portuguesa, Literatura europea e Literatura Comparada), Camoniana (trece estudos sobre o xenio de Camões) e Temas de historia da cultura. Editado polo Instituto Piaget dentro da súa colección de “Teoria das Artes e Literatura”, constitúe un volume de 500 páxinas, pequena mostra do inmenso quefacer deste crítico e fecundo ensaísta amigo d’A Xanela.

FERNANDO BOTTO SEMEDO

POEMAS DE UM LIVRO RASGADO



**POEMAS DE UM LIVRO RASGADO**, é un novo poemario de **Fernando Botto Semedo**, escritor prolífico dunha xa considerábel produción poética que alcanza unha trintena de poemarios. Botto semella á veces un poeta triste, sempre en busca da luz, unha luz que pode estar presente na creación do poema, e entre lágrimas, que mesmo poden ser de alegría. El mesmo di autocitándose que “As lágrimas sobem ás estrelas”. Poemas breves os deste libriño que o poeta dedica aos seus pais, ás veces con só tres ou catro versos.



**O POMAR DO TEU CORPO**, poemario de **Fátima Bica**, editado por Edições Colibri en 2003, chegou a nós recentemente por man da propia autora, gandaresa de Mira, que con anterioridade publicara unha interesante colectánea de contos titulada *Os Palheiros do Nada e outras historias* (1999). Poemas do amor desexado, do amor frustrado, de reivindicación da muller traballadora, da Gândara nativa, da Pátria declinante, das mulleres negras...: “Escrevo porque / só assim / te posseo neste universo / branco e azul e / ponto final”.

**CÂNTICOS DE MÁRMORE PARA OS AMIGOS AUSENTES** é un pequeno poemario de **Cândido da Velha** en forma de “plaquette” editado polo autor fóra do mercado en marzo deste ano, con capa de Ulisses Duarte, en homenaxe a amigos desaparecidos: “os Amigos que se vão buscam o Enigma / no recôndito mistério dos abismos da noite” (...) “Lá vão eles montados em corcéis de nuvens / galopando nas veredas da memória / por prados de inocência e nostalgia / onde os universos se alargavam / em massas de ar azul primaveril / e colorações doces de outonos por abrir”.

	<p>Cervecería <b>Estrella Galicia</b></p> <p>Co <b>Café Versailles</b></p>	<p><b>TROUZA</b></p>
--	--	----------------------



**MUSEO DAS MARIÑAS**  
-Excmo. Concello de Betanzos-

Aberto tódolos días  
de 10 a 13 e de 16 a 20 h.

## NOVIDADES XERAIS

NARRATIVA  
**Luís Rei Núñez**  
*O señor Lugrís e a negra sombra*



**Luís Rei Núñez**  
*O señor Lugrís e a negra sombra*

Luís Rei Núñez ofrece nesta novela de clara estirpe cervantina e rigorosamente contemporánea unha viaxe arredor da figura desmesurada do pintor Urbano Lugrís, ao tempo que traza o fresco dunha época de penitencia e un moi veraz retrato de grupo.

Unha aposta literaria de calado.  
Novela, mais tamén realidade, como a vida.

**XERAIS**



xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

**PAPELERÍA  
LIBRERÍA  
REGALOS  
IMPORTACIÓN**

**ESTANCO**

Valdoncel, 91  
(Ponte Nova)  
Tel. 981 770201  
BETANZOS



Plaza Alfonso IX, 10  
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

**FERRETERÍA  
José Luis  
BUTANO**

Na mesma Porta da Vila  
Plateiros, 1 · BETANZOS  
Tels. 981 770410 - 981 772661





# Lanzós

BAR · CAFÉ

Betanzos



B E T A N Z O S

O P I C H O C A R O L O



SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10  
B E T A N Z O S



# ártabros

Enseñanza Técnica Superior

Rúa da Pescadería, 2  
Tel. 981 77 26 72 · Fax 981 77 47 34  
15300 BETANZOS (A Coruña)



Avda. de Castilla, 51-53 · Entresuelo A · 15300 Betanzos  
Teléfono 981 773 279

# DONÍN

LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)  
Tel. 981 772649 · E-mail: libreriadonin@telefonica.net

# FERRETERÍA ROQUE MENAXE

MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: CAMPING-GAS  
COPIA DE CHAVES  
CERRALLERÍA · FERRAXES

Avda. Xesús García Naveira, 36  
Tel. 981 773253 · BETANZOS



Carta de Café  
Doces caseiros

# Café Plaza

Venta de billetes do  
Grupo Alsa Enatcar

Avda. de Castela, 2 · BETANZOS  
Teléfono 981 77 27 45


R/ Valdoncel, 16  
15300 BETANZOS  
Teléfono 981 774798

MARÍA LÓPEZ JUNQUERA  
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ

clínica veterinaria  
valdoncel



EIRA VELLA



Asociación Cultural  
BETANZOS

*Recuperando  
a memoria*

*Por unha  
cultura viva*

# dp

móvil  
695 269 485  
fax-tel.  
981 77 45 19

Rúa Venezuela 11-13 Ático era  
15300 BETANZOS (A Coruña)  
oficina.doporto@coastac.com

# doporto santos


X. Isidro

Arquitecto  
Técnico

Técnico Superior en PRL  
Agente de la Propiedad Inmobiliaria



EIRA VELLA



*Asociación Cultural*  
BETANZOS